



## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 21 DE SETEMBRO DE 2015**

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e un de setembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Augusto Rey Moreno, don Juan González Leirós, don Jesús Bao Bouzas, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén, como secretaria da Corporación, dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2015**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 14 de setembro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Boletíns e correspondencia**

- Edicto da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 7 de setembro de 2015, polo que se publica o nomeamento de dona Tamara Fernández Arostegui como xuíz de paz titular no Concello de Cambre (Boletín Oficial da Provincia número 177, do día 16 de setembro de 2015).

- Orden HAP/1868/2015, do 10 de setembro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sobre os índices de prezos da man de obra e materiais para o ano 2014, aplicables á revisión de prezos de contratos das administracións públicas (Boletín Oficial do Estado número 222, do día 16 de setembro de 2015).

- Orde do 11 de setembro de 2015, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regula o procedemento de concesión de axudas económicas ás familias numerosas de Galicia para estadias de fin de semana e se procede á súa convocatoria para o ano 2015 (Diario Oficial de Galicia número 179, do 18 de setembro de 2015).

- Resolución do 16 de setembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se modifica a de 28 de decembro de 2012, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da



administración xeral do Estado e os seus organismos públicos (Boletín Oficial do Estado número 224, do día 18 de setembro de 2015).

- Resolución de 10 de setembro de 2015, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, pola que se convocan axudas ás federacións deportivas españolas para o ano 2016 (Boletín Oficial do Estado número 224, do día 18 de setembro de 2015).

- Resolución do 18 de setembro de 2015, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, Ministerio de Economía e Competitividade, pola que se modifica o anexo 3 da Resolución do 31 de xullo de 2015, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais (Boletín Oficial do Estado número 225, do día 19 de setembro de 2015).

### **3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1561/2015 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente número 1623/2015.

### **4º.- Informes doutros asuntos de área**

#### **Informes da Alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito remitido por Amnistía Internacional, rexistrado de entrada ao núm. 8282 o día 16 de setembro de 2015, ao que se achega o texto dunha moción para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, en relación coa crise dos refuxiados.

- Informa que no día de onte acudiron ao partido de Riazor xunto cos familiares das vítimas do accidente de Carral. Remitirán unha carta de agradecemento ao Real Club Deportivo, así como aos concellos, partidos políticos e particulares que chamaron dando as súas condolencias.

- O mércores ás 12:00 horas está confirmada a visita da conselleira de Sanidade ao centro de saúde do Temple.

- O mesmo mércores, tamén as 12:00 horas, ten unha reunión coa Confraría de Pescadores para asinar tres documentos. Un escrito dirixido á consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, outro dirixido ao reitor da Universidade da Coruña e o terceiro dirixido á ministra de Medio Ambiente, Alimentación e Agricultura, relativos á mesa creada para o seguimento do dragado da ría do Burgo.



### **Informes do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Obras e Servizos**

Don Augusto Rey Moreno dá conta do seguinte asunto:

- Están a punto de concluír a preparación do expediente de contratación da iluminación do Nadal. Vai saír por unha cantidade similar á do ano pasado e a idea é que a iluminación estea funcionando dende o día 4 de decembro ata o día de Reis.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente**

Don Juan González Leirós dá conta dos seguintes asuntos:

- O pasado venres foi á Xunta para ver como estaban os temas relativos ás infraestruturas.

Os principais temas que están pendentes son o da Vía Ártabra, en concreto a petición de que sexa libre de peaxe coa AP-9 e que está sen abordar.

En segundo lugar, o tema do vial 11 -17. Falouse do tema do viaducto para crear un percorrido ecolóxico ao longo dos ríos San Pedro e San Marcos, e tamén da conveniencia de expoñelo de novo ao público.

Tamén se acordou solicitar dende o concello o Plan de mobilidade da área Metropolitana.

En canto á conexión da 550 coa Autovía A.6, na Rocha, e a rotonda a proxectar no encontro da AC-214 co viario que ben do polígono do Espírito Santo, din que non teñen nada.

No que se refire ás beirarrúas da Xira o proxecto está aprobado, pero aínda non está en contratación.

Nestes dous últimos asuntos quedouse en solicitar a información por escrito.

- Tamén estivo en Calidade Ambiental, para recuperar a tramitación do SRAU RD-1 A BARCALA, que neste momento ten paralizado o tramite ambiental (documento de inicio).

### **Informes do concelleiro delegado da área de Benestar Social e Educación**

Don Jesús Bao Bouzas dá conta dos seguintes asuntos:

- O próximo martes día 29 celebrarase en Santiago a Asemblea do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, onde se renovará a súa estrutura. Di que acudirán.

- Mañá martes terá lugar a xornada de portas abertas na Escola Infantil do Temple trala asemblea de pais desta tarde.



- O pasado xoves asistiu ao consello escolar da Escola Infantil da Galiña Azul da Barcala, onde se deu conta, entre outros asuntos, dos nenos matriculados nos tres tramos de idade. Hai lista de agarda en todos os tramos, principalmente no tramo de idade comprendido entre 1 e 2 anos.
- Asistiu, así mesmo, ao Consello Escolar do CEIP Gonzalo Torrente Ballester. Resolvéronse os problemas de déficits de prazas de transporte escolar; non hai problema de prazas no comedor escolar; si numerosas queixas en canto ao funcionamento.
- O vindeiro domingo día 27 celebrárase unha xornada de sensibilización e limpeza do río Mero. Os veciños e veciñas interesados están citados na ponte das Insuas ás 9:30.
- O xoves asistiu a unha reunión coa directiva da ANPA Gonzalo Torrente Ballester onde lle manifestaron a súa preocupación pola imposibilidade de poder facer fronte á planificación e execución das actividades extraescolares. Carecen de estrutura directiva; son unicamente catro nais as que están ao fronte. Coa intención de revertir esta situación convocouse unha asemblea prevista para o vindeiro día 23.

### **Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre**

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- Os días martes 15 e mércores 16 realizouse unha visita á piscina municipal da Barcala para poñer en coñecemento dos Grupos Políticos da Corporación as obras previstas de acondicionamento da cuberta e interiores, así como as obras recentemente recepcionadas. Acudiron o Sr. alcalde, representantes de todos os Grupos Políticos e técnicos municipais.
- O fin de semana de sábado 19 e domingo 20 de setembro tivo lugar o "Finde de surf" na praia de Razo. Bo tempo e ondas apropiadas para os principiantes. Cabe destacar que houbo que facer unhas saídas o sábado ao PAC de Carballo debido a que dous nenos se cortaron cun vaso xogando á pita cega. As lesións foron leves e os cortes non revestían gravidade. Houbo tamén dúas picaduras de vespa e unha picadura de escarapote. Os nenos foron atendidos polos socorristas na mesma praia, continuando logo coa actividade.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade**

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Hoxe vai ter lugar a constitución da Mesa de Negociación.
- O día 25 está previsto que se celebre a primeira proba da praza de auxiliar de turismo.
- Vaise convocar a praza de xefatura de Policía Local.



### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares**

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Xa finalizou o prazo de inscrición para o programa de actividades de encontro e lecer, e os prazos que aínda estaban abertos, como a semana micolóxica e as xornadas castrexas, finalizan esta semana.

### **Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico**

Dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández dá conta do seguinte asunto:

- O presidente da Asociación de Empresarios e Empresarias de Cambre, don José Antonio Baamonde López presentou un escrito no que solicita que se convoque a Mesa Local do Comercio. As técnicas do departamento están preparando o informe para a convocatoria e, cando estea listo, convocarán a Mesa.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Oscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia